

## O NÚMERO

### 1) Os nomes rematados en vogal (átona, tónica ou ditongo) ou -N fan o plural engadindo -S. Exemplos:

Leira - \_\_\_\_\_ Alelí - \_\_\_\_\_ Rei - \_\_\_\_\_ Curmán - \_\_\_\_\_  
Mitin - \_\_\_\_\_ Avó - \_\_\_\_\_ Lei - \_\_\_\_\_ Dolmen - \_\_\_\_\_

### 2) Os nomes rematados en -L forman o plural de forma diferente segundo os casos:

#### a) Engaden -ES:

- Os monosílabos. Exemplos: cal- \_\_\_\_\_ sol- \_\_\_\_\_ mel- \_\_\_\_\_ pel- \_\_\_\_\_
- Os graves e esdrúxulos. Exemplos: fácil- \_\_\_\_\_ téxtil- \_\_\_\_\_ túnel- \_\_\_\_\_  
mísil- \_\_\_\_\_

#### b) Cambian o -L por -IS:

- Os seguintes monosílabos: cruel- \_\_\_\_\_ fiel- \_\_\_\_\_ truel- \_\_\_\_\_.
- Os agudos de máis dunha sílaba. Exemplos: baúl \_\_\_\_\_ azul- \_\_\_\_\_  
funil- \_\_\_\_\_ papel- \_\_\_\_\_ aval- \_\_\_\_\_ español- \_\_\_\_\_

### 3) Os nomes rematados en -S forman o plural de distintas formas, segundo os casos:

#### a) Engaden -ES os nomes agudos de máis dunha sílaba. Exemplos: cortés- \_\_\_\_\_ portugués- \_\_\_\_\_ francés- \_\_\_\_\_

b) Son invariables, é dicir, comparten a mesma forma para o singular e o plural: o resto das palabras rematadas en -S (monosílabos e polisílabos non agudos). Exemplos: o luns- os \_\_\_\_\_ o mércores- os \_\_\_\_\_  
o lapis- os \_\_\_\_\_.

### 4) Os nomes rematados en -R ou -Z fan o plural engadindo -ES. Exemplos: maior- \_\_\_\_\_ rapaz- \_\_\_\_\_ nariz- \_\_\_\_\_ calor- \_\_\_\_\_

### 5) Os estranxeirismos e os cultismos forman o plural engadindo -S. Exemplos: album- \_\_\_\_\_ anorak- \_\_\_\_\_ complot- \_\_\_\_\_ frac- \_\_\_\_\_ test- \_\_\_\_\_ iceberg- \_\_\_\_\_ sándwich- \_\_\_\_\_ lord- \_\_\_\_\_

### 6) O plural dos substantivos compostos pode facerse de dúas maneiras:

a) Compostos nunha soa palabra: seguen a norma dos substantivos simples. Exemplos: sapoconcho \_\_\_\_\_ parabén \_\_\_\_\_ bailanacriba \_\_\_\_\_

\* **Excepcións:** as palabras compostas sobre un monosílabo rematado en -L como segundo elemento fan o plural engadindo -ES. (e non en -IS): Exemplos: ollomol- \_\_\_\_\_ parasol- \_\_\_\_\_ chuchamel- \_\_\_\_\_

\* **Caracol e aerosol** non son palabras compostas, daquela o seu plural será: \_\_\_\_\_

**b) Compostos en dúas (ou máis) palabras:**

- Substantivo + substantivo: plural no primeiro elemento: casa cuartel \_\_\_\_\_
- Substantivo + adxectivo: plural nos dous elementos: garda civil \_\_\_\_\_
- Substantivo + preposición + substantivo: plural no primeiro elemento: porco de ceba \_\_\_\_\_

## EXERCICIOS

### 1. Pon en plural as seguintes palabras:

álbum	lucecú	mitin	pel vermella
descontrol	aerosol	pub	piso piloto
búmerang	posíbel	atlas	gardacostas
xilin	cadril	real	arco da vella
sprint	moble bar	fiel	porco bravo
reirrei	mirasol	anzol	vichelocrego
mísil	bíceps	póster	sapoconcho
dolmen	júnior	baúl	político-relixioso
caracol	sándwich	aval	coche patrulla
complot	réptil	ril	contaquilómetros

### 2. Pasa a plural seguintes frases mantendo coherentemente o significado:

- O noso cónsul non pode remediar o mal do rei iraquí e o lord hindú.
- Ese non é o perfil ideal dun garda civil que debe vivir nun cuartel.
- Ese ollomol está cru e a baba dese caracol caeu no mantel.
- O convoi pasou o control na estrada bantú, o último confín da terra.
- O almacén téxtil está rexentado por un cruel aguacil que non é fiel á nosa lei.

### 3. Indica o individual que corresponde a estes colectivos:

penuxe	gavela	manda
acio	restra	panal
cardume	recua	minestra
ramallo	niñada	garulada
caterva	larada	mollo

### 4. Escribe agora o colectivo que se corresponde cos seguintes individuais:

ovella	castiñeiro	abeleira
abella	illa	músico
colmea	piñeiro	penedo
carballo	vela	area